

ACORDOS ADOPTADOS

Acordos da sesión extraordinaria da Xunta de Centro da Escola Superior en Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día **16 de outubro de 2025**.

1. O Director informa dos seguintes asuntos:
 - O centro recibiu a visita do comité designado pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) co fin de renovar a acreditación da Escola Superior de Enxeñaría Informática.
 - A ESEI participou na décimo cuarta edición de EDUGAL.
 - Prodúcese un cambio no Equipo Directivo. O profesor D. Adrián Seara é nomeado novo Subdirector de Organización Académica
2. Apróbase por asentimento a solicitude de modificacións non substanciais do Grao en Enxeñaría Informática (implantación no curso 2026/2027).
3. Apróbase por unanimidade a declaración de intencións para modificacións substanciais do Grao en Enxeñaría Informática (implantación no curso 2027/2028).
4. Apróbase por unanimidade a solicitude de modificacións non substanciais do Grao en Intelixencia Artificial (implantación no curso 2026/2027).
5. Apróbase por asentimento a declaración de intencións para modificacións substanciais do Grao en Intelixencia Artificial (implantación no curso 2027/2028).
6. Apróbase por unanimidade a modificacións na guía docente da materia “Bases de Datos I” do Grao en Enxeñaría Informática para o curso 2025/2026.
7. Ratifícase a proposta dun Premio Extraordinario de Grao en Enxeñaría Informática.
8. Apróbase por unanimidade a modificación do horario do primeiro cuadrimestre de cuarto curso do Grao en Enxeñaría Informática (curso 2025/2026).
9. Neste punto trátase:
 - O Director informa que na sesión do Consello de Goberno (17/10/2025) debaterase o posicionamento sobre a titulación de medicina.
 - A Subdirectora de Organización Académica xustifica a súa dimisión.